



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

CONCELLO DE BETANZOS

ANUNCIO

ASUNTO: BASES QUE DEBEN REXER A CONVOCATORIA E O PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DO PERSOAL CONCURSO

EXPEDIENTE: 2022/E001/000007

Logo de aprobar por Resolución de Alcaldía núm. 1998/2022 de data 22/11/2022, con correccións de erros núm. 2046/2022 de data 25/11/2022 e núm. 2127/2022 de 12/12/2022, aprobáronse as bases e a convocatoria excepcional, mediante sistema de concurso, no marco do proceso de estabilización de emprego temporal para o Concello de Betanzos, ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 20 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial do Estado.

Achéganse as bases reguladoras que rexerán a convocatoria:

PRIMEIRA. Obxecto da Convocatoria

É obxecto das presentes bases a regulación dos aspectos comúns para a convocatoria e proceso de selección de persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo, mediante procedemento de estabilización de emprego temporal da Disposición adicional sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, dentro do marco xeral de execución da Oferta Pública de Emprego extraordinaria.

Por Decreto de alcaldía de data 13/05/2022 resolveuse aprobar a oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal. O anuncio foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 94, do 19.05.2022.

As características das prazas estruturais vacantes que estiveron ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade a 1 de xaneiro de 2016.

SEGUNDA. Condicións de Admisión de Aspirantes

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos, de acordo co establecido no artigo 56 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro:

- a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao empregado público.

e) Posuír a titulación esixida.

f) Ter ingresado na conta bancaria do Concello de Betanzos a cantidade fixada como dereitos de exame.

g) Estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do CELGA oportuno, de acordo co indicado nas bases específicas ou acreditación do coñecemento de lingua galega equivalente.

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da Lingua Galega, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega.

Estes requisitos deberán posuírse como data límite o último día do prazo de presentación de instancias

TERCEIRA. Forma e Prazo de Presentación de Instancias

As solicitudes, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeneral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Á solicitude deberá conter o xustificante de ter pagado as taxas correspondentes ao grupo da praza, segundo a ORDENANZA FISCAL N.º 2.—REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN E TRAMITACIÓN DE DOCUMENTOS:

-Para o acceso como funcionario/a de carreira, ao subgrupo A1 ou laboral fixo nivel 1 22,28 €

-Para o acceso como funcionario/a de carreira, ao subgrupo A2 ou laboral fixo nivel 2 17,27 €

-Para o acceso como funcionario/a de carreira, ao subgrupo C1 ou laboral fixo equivalente 14,49 €

-Para o acceso como funcionario/a de carreira, ao subgrupo C2 ou laboral fixo a nivel equivalente 13,37 €

-Para o acceso como funcionario/a de carreira, a Agrupacións Profesionais ou como laboral fixo a nivel equivalente 11,14 €

Estas taxas deberán abonarse mediante autoliquidación realizada na Oficina Virtual Tributaria do Concello de Betanzos (<https://ovtbetanzos.dacoruna.gal/>)



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

As bases íntegras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello dirección <https://sede.Betanzos.gal> e, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios, inseríndose un extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Os aspirantes que opten por quenda de reserva de persoas con discapacidade farano constar na súa solicitude, declarando que reúnen as condicións esixidas pola normativa aplicable e indicando as adaptacións de tempo e medios necesarios para asegurar a súa participación en igualdade de condicións cos demais aspirantes. Á súa solicitude achegará certificado de discapacidade onde se acrediten as deficiencias permanentes que deron lugar ao grao de discapacidade recoñecido, para que posteriormente o Tribunal entre a valorar a procedencia ou non das adaptacións solicitadas. Unha vez analizadas as necesidades específicas de cada un dos aspirantes que participan en quenda de reserva, o Tribunal adoptará as medidas necesarias de adaptacións de tempo e medios que serán publicadas na sede electrónica deste Concello: sede.Betanzos.gal.

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo, é dicir para a práctica das probas de selección e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicarase da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello será o responsable do tratamento destes datos.

CUARTA. Admisión de Aspirantes

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos.

Na devandita resolución, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello: sede.Betanzos.gal e, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión, sinalarase un prazo de dez días hábiles para emenda.

Transcorrido o prazo de emenda, pola Alcaldía aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello: sede.Betanzos.gal. Igualmente, na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal.

QUINTA. Tribunal Cualificador

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

O número dos membros dos Tribunais nunca será inferior a cinco, así mesmo, a súa composición será predominantemente técnica e os vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

O Tribunal poderá dispor a incorporación ao seu labor no proceso selectivo de asesores especialistas, para aqueles aspectos concretos do proceso selectivo debido á especialización técnica do traballo a realizar. A súa función circunscríbese a un mero asesoramento, é dicir actúan con voz, pero sen voto, non participan na toma de decisións do Tribunal. Asesorélos deberán gardar sigilo e confidencialidade acerca dos datos e asuntos sobre os que teñan coñecemento a consecuencia da súa colaboración no Tribunal.

O Tribunal poderá designar persoal colaborador para o desenvolvemento do proceso de selección, que actuará baixo a súa dirección, cando a complexidade do mesmo proceso selectivo aconselleo.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEXTA. Sistemas de Selección e Desenvolvemento dos Procesos

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN: CONCURSO

O concurso consistirá na valoración dos méritos acreditados polos aspirantes. Os méritos alegados polos aspirantes poderán xustificarse con fotocopias. Sen prexuízo de que, excepcionalmente, a Administración poda solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas.

A puntuación máxima desta fase será de 100 puntos, a valorar na forma que se describa nas bases específicas correspondentes. Valoraranse con carácter xeral os seguintes criterios:

a) Experiencia profesional:

- Por cada mes completo de servizos prestados no ámbito dunha entidade Local, en prazas iguais ou similares á que se opta, acreditado mediante a correspondente certificación expedida polo organismo ou ente público competente. Puntuación: 0,94 puntos por mes ou fracción superior a 15 días.
- Por cada mes completo de servizos prestados no ámbito doutras Administracións Públicas, distintas dunha Entidade Local, en prazas iguais ou similares á que se opta, acreditado mediante a correspondente certificación expedida polo organismo ou ente público competente. Puntuación: 0,30 puntos por mes ou fracción superior a 15 días.
- Por cada mes completo de servizos prestados en empresa pública ou privada en posto igual ou similar ao que se opta, que deberán ser suficientemente acreditados a través de certificado de cotizacións á Seguridade Social (informe de vida laboral) e contratos. Puntuación: 0,10 puntos por mes ou fracción superior a 15 días.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante certificación, expedida pola Administración Pública na que prestou servizos, facendo constar o posto de traballo que desempeñou e o cómputo total de días, meses ou anos traballados.

Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados.

A máxima puntuación a obter neste apartado a) é de 90 puntos.

b) Formación académica e non académica



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

• Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación, académica e complementaria, e perfeccionamento, homologados, acreditados, convocados, impartidos ou realizados pola Comisión de Formación Continuada do Ministerio de AAPP ou pola mesma Comisión Autonómica, por Administracións Públicas, Universidades, INEM, Colexios Profesionais ou Organizacións Sindicais, sempre que teñan contidos relacionados cas funcións propias da categoría:

- Menos de 10 horas de duración: 2,50 puntos.
- De 10 a 39 horas de duración: 5,00 puntos.
- De 40 a 49 horas de duración: 7,50 puntos.
- De 50 horas ou máis: 10,00 puntos.
- Linguaxe administrativo medio: 3,00 puntos.
- Linguaxe administrativo superior: 5,00 puntos.

A máxima puntuación a obter neste apartado referido á formación non académica é de 10,00 puntos.

• Título: Acreditacións académicas oficiais, que non se correspondan coa titulación mínima esixida para acceder ao proceso de selección e que se relacionen co campo de acción da praza a estabilizar, a puntuación que corresponde neste apartado será, por titulacións distintas á mencionada:

• Titulación académica superior ao nivel requirido para o acceso ao proceso selectivo de estabilización: 5,00 puntos.

A máxima puntuación neste apartado referido á formación académica é de 5,00 puntos.

Os aspirantes disporán dun prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da cualificación do concurso para formular alegacións.

En todo caso, a puntuación máxima no apartado b) Formación académica e non académica é de 10 puntos.

SÉTIMA. Relación de Aprobados, cualificación

Unha vez terminada a baremación e consideradas as reclamacións presentadas, o Tribunal fará pública a relación de aspirantes por orde de puntuación na sede electrónica deste Concello: sede.Betanzos.gal e, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión.

O tribunal non poderá en ningún caso aprobar aos aspirantes que non superen unha puntuación de 30 puntos no concurso referido no apartado anterior.

O tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou as probas selectivas un número superior de aspirantes ó de postos convocados en cada proceso selectivo. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta os seguintes criterios na seguinte orde e sucesivamente:

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

- Antigüidade na praza á que se refire a convocatoria.
- De manterse o empate aplicando o criterio anterior, acudirase ao cómputo do maior número de horas ou créditos homologados en formación.
- De manterse o empate aplicando os criterios anteriores, acudirase ao sorteo.

OITAVA. Acreditación de Requisitos esixidos e Nomeamento

As persoas que non superen o proceso selectivo, incluíranse en bolsas de persoal funcionario interino ou de persoal laboral temporal específicas ou xa existentes.

Os aspirantes propostos acreditarán ante a Administración, dentro do prazo de vinte días hábiles desde que se publican no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello: sede.Betanzos.gal e, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión, os documentos xustificativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria (Anexo II).

Como medida apropiada de axilización en virtude do previsto na Disposición adicional cuarta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público; conforme ao artigo 28.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, as Administracións Públicas non requirirán aos interesados datos ou documentos non esixidos pola normativa reguladora aplicable ou que sexan achegados anteriormente polo interesado a calquera Administración. A estes efectos, o interesado deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos, debendo as Administracións Públicas solicitalos electronicamente a través das súas redes corporativas ou dunha consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto. Presumírase que esta consulta é autorizada polos interesados, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa ou a lei especial aplicable requira consentimento expreso.

Excepcionalmente, se as Administracións Públicas non puidesen solicitar os citados documentos, poderán solicitar novamente ao interesado a súa achega.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Os que tivesen a condición de funcionarios públicos estarán exentos de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar unicamente certificación do Ministerio ou Organismo do que dependan, acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal.

A Alcaldesa deberá de nomear funcionario ao aspirante proposto, no prazo de quince días hábiles a contar desde a terminación dos vinte días anteriores. O nomeamento mencionado publicárase no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e na sede electrónica deste Concello: sede.Betanzos.gal. Unha vez publicado o nomeamento de funcionario, este deberá tomar posesión ou incorporarse no prazo dun mes.

No caso de persoal laboral, procederase á formalización do correspondente contrato de traballo e a incorporación ao posto de traballo dentro do prazo que se estableza. Poderá establecerse a superación do período de proba que corresponda de acordo coa normativa laboral, co que se culmina o proceso e o traballador adquirirá a condición de empregado público.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

Formalizado o contrato deberase comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo dos dez días seguintes á súa concertación; así mesmo, deberase informar á representación legal dos traballadores, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

NOVENA. Incompatibilidades

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

DÉCIMA. Incidencias

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo no prazo dun mes ante a Alcaldía, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases, será de aplicación o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; e o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, con carácter supletorio.

ANEXO I:
SOLICITUDE DO INTERESADO

A ENCHER POLA ADMINISTRACIÓN	
Núm. Expediente	Núm. Rexistro
Modelo	Data
Órgano/Centro/Unidade	Código Identificación

DATOS DO SOLICITANTE		
Nome e Apelidos		NIF
Grupo/Subgrupo/Categoría	Escala	Subescala
Denominación do Posto		
Discapacidade <input type="checkbox"/> Se <input type="checkbox"/> Non		Grao:

DATOS DO REPRESENTANTE	
Tipo de persoa <input type="checkbox"/> Física <input type="checkbox"/> Xurídica	
Nome e Apelidos/Razón Social	NIF/CIF
Poder de representación que ostenta	
<p>A Administración Pública verificará a identidade dos interesados no procedemento administrativo, mediante a comprobación do seu nome e apelidos ou denominación ou razón social, segundo corresponda, que consten no Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo equivalente.</p> <p>Os interesados poderán identificarse electronicamente ante as Administracións Públicas a través dos sistemas establecidos conforme ao artigo 9.2 da Lei 39/2015.</p> <p>Para formular solicitudes, presentar declaracións responsables ou comunicacións, interpor recursos, desistir de accións e renunciar a dereitos en nome doutra persoa, deberá acreditarse a representación, de conformidade co indicado no artigo 5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.</p>	

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS			
Medio de Notificación <input type="checkbox"/> Notificación electrónica <input type="checkbox"/> Notificación postal			
Dirección			
Código Postal	Municipio	Provincia	
Teléfono	Móbil	Fax	Correo electrónico

Finalidade Principal	Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas destes.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento: art. 55 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro
Destinatarios	Non hai previsión de transferencias a terceiros países nin a outras administracións.
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na seguinte url sede.betanzos.gal

DATA E FIRMA
<p>Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos facilitados son certos.</p> <p>En _____, a _____ de _____ de 20__.</p> <p>O solicitante ou o seu representante legal,</p> <p>Asdo.: _____</p> <p>ILMA ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE BETANZOS.</p>

ANEXO II: ACREDITACIÓN DOS REQUISITOS
ESIXIDOS NA CONVOCATORIA
POLA PERSOA SELECCIONADA

A ENCHER POLA ADMINISTRACIÓN	
Núm. Expediente	Núm. Rexistro
Modelo	Data
Órgano/Centro/Unidade	Código Identificación

DATOS DO SOLICITANTE	
Nome e Apelidos	NIF
Grupo/Subgrupo/Categoría	Subescala
Escala	
Denominación do Posto	
Discapacidade <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> Non	Grao:

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS			
Medio de Notificación			
<input type="checkbox"/> Notificación electrónica			
<input type="checkbox"/> Notificación postal			
Dirección			
Código Postal	Municipio	Provincia	
Teléfono	Móbil	Fax	Correo electrónico

DATOS Ou DOCUMENTACIÓN SOLICITADA			
<p>Con base no establecido polo artigo 28.2 e 3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Publicas, a Administración consultará ou solicitará a través das redes corporativas ou mediante consulta da Plataforma de Intermediación de Datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para iso, os seguintes datos ou documentos que xa se atopen en poder da Administración actuante ou sexan elaborados por calquera Administración. O interesado deberá indicar o nome do documento achegado á Administración e no seu caso, en que momento e ante que órgano administrativo presentouno.</p>			
1. Nome do dato ou documento: Datos de titulación.			
Descrición: [incluir o tipo de titulación requirida nas bases]			
Referencia legislativa: art. 56.1.e) do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.			
Tipo de achega:	<input checked="" type="checkbox"/> Obrigatoria	<input type="checkbox"/> Achegar segundo o caso	<input type="checkbox"/> Adicional
Requisito de validez:	<input type="checkbox"/> Orixinal/Copia auténtica	<input checked="" type="checkbox"/> Copia simple	
<input type="checkbox"/> Este dato ou documento deberá	Órgano administrativo	Data de entrega	no CSV

consultarse ou solicitarse pola Administración.				que se presentou		
<input type="checkbox"/> Este dato ou documento achégase coa solicitude						
2. Nome do dato ou documento: Certificado de Discapacidade						
Descrición:						
Referencia legislativa: art. 59 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.						
Tipo de achega:		<input type="checkbox"/> Obrigatoria	<input checked="" type="checkbox"/> Achegar segundo o caso	<input type="checkbox"/> Adicional		
Requisito de validez:		<input type="checkbox"/> Orixinal/Copia auténtica	<input checked="" type="checkbox"/> Copia simple			
<input type="checkbox"/> Este dato ou documento deberá consultarse ou solicitarse pola Administración.		Órgano administrativo no que se presentou		Data de entrega	CSV	
<input type="checkbox"/> Este dato ou documento achégase coa solicitude						
3. Nome do dato ou documento: Relación de Méritos dos Aspirantes						
Descrición:						
Referencia legislativa: art. 61.3 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.						
Tipo de achega:		<input type="checkbox"/> Obrigatoria	<input checked="" type="checkbox"/> Achegar segundo o caso	<input type="checkbox"/> Adicional		
Requisito de validez:		<input type="checkbox"/> Orixinal/Copia auténtica	<input checked="" type="checkbox"/> Copia simple			
<input type="checkbox"/> Este dato ou documento deberá consultarse ou solicitarse pola Administración.		Órgano administrativo no que se presentou		Data de entrega	CSV	
<input type="checkbox"/> Este dato ou documento achégase coa solicitude						

DATOS OU DOCUMENTACIÓN ADICIONAL A ACHEGAR SEGUNDO ORDENANZA						
Adicionalmente, a Administración poderá solicitar outros datos ou documentación cuxa referencia normativa estea baseada en ordenanzas municipais.						
1. Nome do dato ou documento: Xustificación do pago da taxa.						
Descrición:						
Referencia á normativa municipal: [Referencia á Ordenanza reguladora que esixe o requirimento do dato ou documento]						
Tipo de achega:		<input checked="" type="checkbox"/> Obrigatoria	<input type="checkbox"/> Achegar segundo o caso	<input type="checkbox"/> Adicional		
Requisito de validez:		<input type="checkbox"/> Orixinal/Copia auténtica	<input type="checkbox"/> Copia simple			
<input type="checkbox"/> Este dato ou documento deberá consultarse ou solicitarse pola Administración.		Órgano administrativo no que se presentou		Data de entrega	CSV	
<input type="checkbox"/> Este dato ou documento achégase coa solicitude						

Opóñome á obtención ou consulta dos seguintes datos ou documentos:	
<input type="checkbox"/> OPÓÑOME expresamente a que se consulten ou soliciten estes datos ou documentos a través das redes corporativas ou mediante consulta da Plataforma de Intermediación de Datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para iso.	
Nome do dato ou documentación:	Motivación:
Nome do dato ou documentación:	Motivación:

Deber de informar aos interesados sobre protección de datos	
<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> Fun informado de que este Concello vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.	
Responsable	Concello de Betanzos
Finalidade Principal	Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas destes.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a este Concello.
Destinatarios	Non hai previsión de cesión a terceiros países nin a outras administracións
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na seguinte url sede.betanzos.gal

DATA E FIRMA
<p>Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos facilitados son certos.</p> <p>En _____, a _____ de _____ de 20__.</p> <p>O solicitante ou o seu representante legal,</p> <p>Asdo.: _____</p> <p>ILMA ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE BETANZOS.</p>

ASUNTO: BASES QUE DEBEN REXER A CONVOCATORIA E O PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DO PERSOAL CONCURSO

EXPEDIENTE: 2022/E001/000007

CONVOCATORIA EXCEPCIONAL DO CONCURSO LIBRE DE MÉRITOS PARA ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL E INGRESO NUNHA PRAZA ESTRUCTURAL INCURSA NOS SUPOSTOS DAS DISPOSICIÓNS ADICIONAIS SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO. (ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN).

GRUPO DE CLASIFICACIÓN	CATEGORÍA LABORAL	VACANTES
I-II	PROFESOR CONSERVATORIO VENTO/ MADEIRA	1

1.1 OBXECTO DA CONVOCATORIA.

1. En execución do proceso de estabilización de emprego temporal previsto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, as presentes Bases regulan a convocatoria excepcional e única do concurso libre de méritos que se atopa ocupada de forma temporal e ininterrompida desde data anterior o 1 de xaneiro de 2016 ou ben se atopa ocupada de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior o 1 de xaneiro de 2016.

A praza atópase incluída na Oferta de Emprego Público extraordinaria de estabilización aprobada pola alcaldía e publicada no BOP.nº94 da Provincia de A Coruña de 19 de maio de 2002.

2. ACTIVIDADES A REALIZAR

Son, entre outras, tarefas propias da praza as que se detallan a continuación:

1. Impartir clases instrumentais da súa especialidade
2. Levar a cabo didácticas dentro do ámbito instrumental.
3. Preparar audicións.
4. Realizar actividades extraescolares.
5. Efectuar calquera outra tarefa propia da súa categoría que lle sexa encomendada e para a cal fose previamente instruído.

3. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

As persoas interesadas en participar no concurso de estabilización de emprego temporal reunirán, na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes a amiores do establecido nas bases xerais, os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, a seguinte titulación:

Título grao profesional de música Especialidade: A propia do instrumento

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite a homologación.

b) Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do Título CELGA 4 ou equivalente homologado segundo o disposto na Orde 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da Lingua Galega, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega.

c) Non estar inscrito no rexistro central de delincuentes sexuais.

ASUNTO: BASES QUE DEBEN REXER A CONVOCATORIA E O PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DO PERSOAL CONCURSO
EXPEDIENTE: 2022/E001/000007

CONVOCATORIA EXCEPCIONAL DO CONCURSO LIBRE DE MÉRITOS PARA ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL E INGRESO NUNHA PRAZA ESTRUCTURAL INCURSA NOS SUPOSTOS DAS DISPOSICIÓNS ADICIONAIS SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO. (ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN).

GRUPO DE CLASIFICACIÓN	CATEGORÍA LABORAL	VACANTES
V	CONSERXE	5

1.1 OBXECTO DA CONVOCATORIA.

1. En execución do proceso de estabilización de emprego temporal previsto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, as presentes Bases regulan a convocatoria excepcional e única do concurso libre de méritos que se atopa ocupada de forma temporal e ininterrompida desde data anterior o 1 de xaneiro de 2016 ou ben se atopa ocupada de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior o 1 de xaneiro de 2016.

A praza se atopa incluída na Oferta de Emprego Público extraordinaria de estabilización aprobada pola alcaldía e publicada no BOP.nº94 da Provincia de A Coruña de 19 de maio de 2002

2. ACTIVIDADES A REALIZAR

Son, entre outras, tarefas propias da praza as que se detallan a continuación:

1. Funcións comúns de vixilancia e custodia interior de oficinas, así como misións de Conserxe, Porteiro ou outras análogas en edificios e servizos da Corporación, recollidas no Artigo nº 169 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
2. Información xeral ao público e control de público nas oficinas municipais e colexios.
3. Apertura e peche de portas, luces e xanelas.
4. Prendido, control e apagado de calefacción e electricidade.
5. Preparación e reparto de correo e documentación nas distintas oficinas municipais.
6. Realizar a compra de material de oficina e calquera outro material consumible, así como xestións sinxelas en organismos ou institucións públicas ou privadas.
7. Coidado do perfecto estado do material e ferramentas empregadas na súa area de traballo.
8. Realizar os avisos de mantemento.
9. Actos protocolarios.
10. Efectuar calquera outra tarefa propia da súa categoría que lle sexa encomendada e para a cal fose previamente instruído.

3. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

As persoas interesadas en participar no concurso de estabilización de emprego temporal reunirán, na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes a maiores do establecido nas bases xerais, os seguintes requisitos:

a) Sen titulación específica.

b) Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do Título CELGA 1 ou equivalente homologado segundo o disposto na Orde 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da Lingua Galega, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: BASES QUE DEBEN REXER A CONVOCATORIA E O PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DO PERSOAL CONCURSO

EXPEDIENTE: 2022/E001/000007

CONVOCATORIA EXCEPCIONAL DO CONCURSO LIBRE DE MÉRITOS PARA ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL E INGRESO NUNHA PRAZA ESTRUTURAL INCURSA NOS SUPOSTOS DAS DISPOSICIÓNS ADICIONAIS SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO. (ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN).

GRUPO DE CLASIFICACIÓN	CATEGORÍA LABORAL	VACANTES
III	PROFESOR E. FOLKLORE	3

1.1 OBXECTO DA CONVOCATORIA.

1. En execución do proceso de estabilización de emprego temporal previsto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, as presentes Bases regulan a convocatoria excepcional e única do concurso libre de méritos que se atopa ocupada de forma temporal e ininterrompida desde data anterior o 1 de xaneiro de 2016 ou ben se atopa ocupada de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior o 1 de xaneiro de 2016.

A praza se atopa incluída na Oferta de Emprego Público extraordinaria de estabilización aprobada pola alcaldía e publicada no BOP.nº94 da Provincia de A Coruña de 19 de maio de 2002

2. ACTIVIDADES A REALIZAR

Son, entre outras, tarefas propias da praza as que se detallan a continuación:

1. Impartir clases da súa especialidade.
2. Levar a cabo didácticas dentro do ámbito da súa especialidade.
3. Preparar audicións.
4. Realizar actividades extraescolares.
5. As previstas no regulamento de réxime interno da escola municipal de folclore.
6. Efectuar calquera outra tarefa propia da súa categoría que lle sexa encomendada e para a cal fose previamente instruído.

3. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

As persoas interesadas en participar no concurso de estabilización de emprego temporal reunirán, na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes a maiores do establecido nas bases xerais, os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, Bacharelato ou FP grao medio. Especialidade: Gaita, percusión e conxunto



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite a homologación.

b) Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do Título CELGA 4 ou equivalente homologado segundo o disposto na Orde 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da Lingua Galega, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega.

c) Non estar inscrito no rexistro central de delincuentes sexuais.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: BASES QUE DEBEN REXER A CONVOCATORIA E O PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DO PERSOAL CONCURSO

EXPEDIENTE: 2022/E001/000007

CONVOCATORIA EXCEPCIONAL DO CONCURSO LIBRE DE MÉRITOS PARA ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL E INGRESO NUNHA PRAZA ESTRUTURAL INCURSA NOS SUPOSTOS DAS DISPOSICIÓNS ADICIONAIS SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO. (ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN).

GRUPO DE CLASIFICACIÓN	CATEGORÍA LABORAL	VACANTES
II	ANIMADOR SOCIOCULTURAL	1

1.1 OBXECTO DA CONVOCATORIA.

1. En execución do proceso de estabilización de emprego temporal previsto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, as presentes Bases regulan a convocatoria excepcional e única do concurso libre de méritos que se atopa ocupada de forma temporal e ininterrompida desde data anterior o 1 de xaneiro de 2016 ou ben se atopa ocupada de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior o 1 de xaneiro de 2016.

A praza se atopa incluída na Oferta de Emprego Público extraordinaria de estabilización aprobada pola alcaldía e publicada no BOP.nº94 da Provincia de A Coruña de 19 de maio de 2022

2. ACTIVIDADES A REALIZAR

Son, entre outras, tarefas propias da praza as que se detallan a continuación:

1. Deseño, impartición e avaliación das actividades dirixidas á xuventude, muller, infancia ou maiores
2. Fomentar o traballo en equipo, a cooperación e o consenso entre os usuarios
3. Potenciar as habilidades humanas e creativas de equipo.
4. Actuar na resolución de conflitos.
5. Fomentar as potencialidades dos usuarios.
6. Tramitación e xestión das axudas públicas relacionadas cos Servizos Sociais
7. Traballo administrativo relacionado coas súas funcións
8. Efectuar calquera outra tarefa propia da súa categoría que lle sexa encomendada e para a cal fose previamente instruído.

• REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

